

**COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE**  
**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de novembro de 2021**

Ás 17.53 horas do día 18 de novembro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidenta:** D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

**Deputados de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Deputado non adscrito:** D. José Miguel Caride Domínguez

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de outubro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 21 de outubro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.**- Non se presentan.

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **Sra. presidenta**, dá resposta ás preguntas da anterior comisión informativa. Sobre a pregunta realizada polo deputado do BNG, Bernardo Varela, relativa ao custo da proba deportiva “La Vuelta 2021”. Indica que foron 30.000 euros en concepto de patrocinio. Respecto á pregunta de Bernardo Varela relativa a se dende a Xunta de Galicia se dirixiron a Deputación Provincial de Ourense nalgún momento para consultar o anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo da auga, a Sra. presidenta dá lectura ao documento de “suxestións ao o anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga”. O dito documento foi asinado con data 14.09.2021 pola letrada asesora dona María de los Angeles Cantón Álvarez e o director da Área de Medio Ambiente don Javier Bobe Vázquez, e foi remitido á Xunta de Galicia con data 15.09.2021. A Sra. presidenta dá lectura ao texto íntegro das ditas suxestións. Engade que don Javier Bobe tamén foi a algunhas reunións da FEGAMP. Se queren que lle faciliten este informe non hai ningún problema.

Engade que esta mañá lle pasaron unha pregunta realizada por don Bernardo Varela do BNG, sobre diversas cuestións sobre o anteproxecto do hotel termal. Non tivo tempo material de obter toda a información. Tratará de darlle resposta no máis breve tempo posible.

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, solicita que lle fagan chegar este documento que acaba de ler. Indica que este informe fai fincapé que se inmisce a Xunta de Galicia na capacidade económica das deputacións, e por lei teríamos que poñer unha parte importante do financiamento sen ter voz nin voto. E tamén lle pasaría aos concellos. E consciente de que non se poida dar resposta ás preguntas presentadas. A continuación dá lectura ás preguntas achegadas esta mañá por escrito.

1.- Cales son os estudos que avalan este hotel termal?

2.- Sendo o actual Pazo Provincial un edificio con protección estrutural, para cuxa alteración sería precisa unha modificación do plan especial. Hai algún estudo que avale a modificación estrutural ou a modificación do plan especial?

3.- Hai algún investidor privado interesado en participar neste proxecto?

4.- Hai algún estudo de viabilidade económica deste proxecto?

5.- Onde está previsto instalar as novas dependencias da Deputación Provincial? Está avanzado nalgún sentido esta xestión? Hai algún prazo para realizar este traslado?

A **Sra. presidenta**, sinala que foi unha pena que non asistira á presentación que houbo no Pazo Provincial, xa que foi unha presentación na que nos deron a todos os asistentes unha visión moito máis clara da que se pretende facer. Engade que contestará as preguntas en canto lle sexa posible.

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista**, solicita que tamén lle faga chegar ao seu grupo copia do informe que se acaba de ler, xa que hai cuestións moi interesantes sobre o ciclo da auga. Respecto ás preguntas que fixo D. Bernardo do hotel balneario, indica que eles tampouco asistiron á presentación, pero con independencia de que asistiran ou non, xa se debería saber onde se vai situar o novo pazo provincial. Considera que iso xa debería estar resolto. Pregunta se está en condicións de dar unha resposta a iso nestes momentos.

A **Sra. presidenta**, responde que non está en condicións de dar esa resposta.

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista**, engade que o 24 de agosto de 2021, presentaron unha solicitude por escrito para que lles pasaran copia do anteproxecto arquitectónico do hotel balneario. O día da presentación se deu por entendido, por parte do presidente, que ese anteproxecto xa o tiñan os grupos políticos. A día de hoxe non temos copia do anteproxecto.

A **Sra. presidenta** responde que se o dixo o presidente era porque estaba convencido de que xa o tiñan.

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista**, recalca que ao día de hoxe non teñen copia do anteproxecto do hotel balneario. E iso lle chama a atención. O 10 de novembro de 2021,

presentaron un escrito solicitando tamén copia da presentación proxectada na pantalla durante a presentación do gran hotel balneario Auria, copia do vídeo e copia do anteproxecto do hotel balneario. Considera que lle están ocultando documentación aos grupos da oposición, xa que a primeira pregunta a fixemos por escrito o 24 de agosto de 2021 e a día de hoxe aínda non temos resposta.

A **Sra. presidenta** responde que se o presidente o dixo era porque o cría así; algún problema houbo. Engade que fará as xestións oportunas para facerlle chegar a documentación solicitada.

E, ás 18.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.